



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Xestión tributaria

Materia	Xestión tributaria			
Código	P04G091V01505			
Titulación	Grao en Dirección e Xestión Pública			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua de impartición				
Departamento	Dereito público especial			
Coordinador/a	Rodríguez Losada, Soraya			
Profesorado	Constenla Vega, Javier Rodríguez Losada, Soraya			
Correo-e	soraya.losada@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A Xestión Tributaria ocúpase do estudo dos procedementos de aplicación dos tributos, tanto no eido estatal, coma no autonómico e local.			

## Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostran posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B2	Capacidade de analizar, sintetizar e integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos con información limitada
B3	Capacidade de escoita, de lectura comprensiva e habilidades de comunicación oral e escrita
B5	Ser capaz de interpretar datos derivados das observacións en relación coa súa significación e relacionalos coas teorías apropiadas no ámbito da dirección e xestión pública
C24	Operar cos procedementos de aplicación dos tributos en todos os niveis administrativos
D1	Capacidade de análise e síntese para a elaboración e defensa de argumentos
D2	Capacidade de organización, planificación e utilización do tempo e de autocontrol ante situacións de presión
D5	Capacidade para a toma de decisións autónoma e independente
D8	Capacidade para o traballo cooperativo en equipo/grupo e aberto a diferentes puntos de vista e opinións
D9	Capacidade para o razoamento crítico creativo e o autocrítico

## Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Operar con los procedimientos de aplicación de los tributos en todos los niveles administrativos	C24			
Identificar e diferenciar os procedementos de aplicación dos tributos, argumentar lóxicamente, actualizar e autoxestionar o propio coñecemento e solucionar os problemas xurídicos a través da preparación de escritos, formularios, etc	A1	B2	C24	D1
	A2	B3		D2
	A3	B5		D5
	A4			D8
	A5			D9

## Contidos

### Tema

Lección 1.- A aplicación dos tributos. Asistencia e información aos contribuíntes. A obriga de proporcionar información	<ol style="list-style-type: none"><li>1. Participación da Administración e dos administrados na aplicación dos tributos.</li><li>2. Os dereitos e garantías dos contribuíntes.</li><li>3. A colaboración social na xestión tributaria.</li><li>4. As notificacións.</li><li>5. A asistencia e información aos contribuíntes.</li><li>6. Acordos previos de valoración.</li><li>7. Valoración de inmoables.</li><li>8. As consultas tributarias.</li><li>9. Obrigas de proporcionar información con transcendencia tributaria.</li></ol>
Lección 2.- A proba	<ol style="list-style-type: none"><li>1. A carga da proba en Dereito tributario.</li><li>2. Normas sobre medios e valoración da proba.</li><li>3. Valor probatorio das dilixencias.</li><li>4. Presuncións e ficcións en Dereito tributario.</li></ol>
Lección 3.- O procedemento de xestión.	<ol style="list-style-type: none"><li>1. Iniciación do procedemento de xestión. Ordenación e instrución do procedemento.</li><li>2. Actuacións de comprobación dos órganos de xestión.</li><li>3. A comprobación limitada.</li><li>4. A terminación do procedemento. A obriga de resolver.</li><li>5. A liquidación, a autoliquidación e a declaración. Concepto, clases e efectos.</li></ol>
Lección 4.- A Inspección dos tributos	<ol style="list-style-type: none"><li>1. A Inspección e a función inspectora. Obxecto, ámbito e réxime xurídico.</li><li>2. O procedemento de inspección. Inicio, desenvolvemento e terminación.</li><li>3.- A documentación da actuación inspectora</li></ol>
Lección 5.- A recadación	<ol style="list-style-type: none"><li>1. A recadación. Concepto e obxecto.</li><li>2. Órganos de recadación. As entidades colaboradoras</li><li>3. A colaboración entre as distintas administracións tributarias</li><li>4. Recadación en período voluntario: prazo, suxeitos, formas e medios de pago.</li><li>5. Adiamento e fraccionamento.</li><li>6. Medidas cautelares.</li><li>7.- Recadación en período executivo.</li><li>8. A vía de prema.</li></ol>
Lección 6.- Infraccións e sancións tributarias.	<ol style="list-style-type: none"><li>1. Principios da potestade sancionadora en materia tributaria.</li><li>2. Suxeitos infractores. Responsables e sucesores das sancións tributarias.</li><li>3. Concepto e clases de infraccións tributarias.</li><li>4. As sancións: clases e cuantificación das sancións tributarias pecuniarias.</li></ol>
Lección 7. O procedemento sancionador	<ol style="list-style-type: none"><li>1. A garantía de procedemento e o procedemento separado. A renuncia.</li><li>2. Fases do procedemento.</li><li>3. A tramitación abreviada e a incorporación de datos.</li><li>4. A terminación do procedemento.</li><li>5. O Dereito Penal Tributario</li></ol>
Lección 8.- A revisión de actos administrativos tributarios	<ol style="list-style-type: none"><li>1. A revisión en vía administrativa.</li><li>2. A revisión de oficio. Procedementos</li><li>3. A revisión a instancia do particular.</li><li>3. O recurso de reposición.</li><li>4. As reclamacións económico-administrativas.</li><li>5. O proceso contencioso-administrativo en materia tributaria</li></ol>

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	29	50	79
Seminario	12	45	57
Probas de resposta curta	2	5	7
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	5	7

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Sesión maxistral: Nas sesións maxistrais explícanse os contidos do programa, empregando a técnica adecuada. O seu obxectivo é a comprensión polo alumnado dos devanditos contidos. Nestas sesións presenciais é preceptiva e ineludible a asistencia á clase, traballando previamente o tema e os materiais que se indicarán pola docente. É imprescindible a corresponsabilidade do alumnado.

Seminario	Distintas actividades enfocadas ao traballo sobre un tema específico que permiten afondar ou complementar os contidos da materia, e nas que a alumna/o -xa sexa de maneira individual ou en grupo- fai unha exposición oral e/ou presentación escrita sobre un tema proposto, resolve casos prácticos interpretando e aplicando o Dereito Financeiro e Tributario, elabora informes xurídicos, foros de debate e dúbidas...
-----------	---

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Atenderanse e resolverán dúbidas do alumnado respecto dos contidos, actividades e/ou exercicios que se propuxeron para adquirir as competencias perseguidas.
Seminario	Atenderanse e resolverán dúbidas do alumnado respecto dos contidos, actividades e/ou exercicios que se propuxeron para adquirir as competencias perseguidas.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Seminario	Nas clases prácticas presenciais proporase ao alumnado a realización de distintas actividades: casos prácticos, exposición oral dun tema, presentación escrita dun traballo, etc. Estas actividades só serán avaliadas se o alumnado se somete a avaliación continua. Ademais, valorarase especialmente a participación activa da alumna/o, tanto nas clases maxistras como nas devanditas "clases prácticas".	20	A1 B2 C24 D1 A2 B3 D2 A3 B5 D5 A4 D8 A5 D9
Probas de resposta curta	Realizaranse probas de resposta curta e tipo test exclusivamente ao alumnado que se someta ao sistema de avaliación continua.	20	A1 B2 C24 D1 A2 B3 D2 A3 B5 D5 A4 D8 A5 D9
Exame de preguntas de desenvolvemento	Proba final que consta de dúas partes: unha práctica escrita (na que o alumnado terá que demostrar a adquisición das competencias esenciais da materia) e unha teórica oral (na que se formularán distintas preguntas sobre o temario da materia).	60	A1 B2 C24 D1 A2 B3 D2 A3 B5 D5 A4 D8 A5 D9

### Outros comentarios sobre a Avaliación

**O temario que figura no apartado de contidos constitúe unha versión resumida das leccións que serán obxecto de exame. Oportunamente, a comezo do curso académico, proporcionaráselle ao alumnado un temario máis detallado cos epígrafes que conforman cada lección e un cronograma.**

#### Primeira oportunidade de exame:

1.- O alumnado que se someta a avaliación continua será avaliado conforme aos criterios que se indicaron máis arriba: proba final (60%), probas de resposta curta ou test (20%) e seminarios (20%). Na proba final, o exame de teoría e oral supoñerá o 80% e o práctico, por escrito, supoñerá un 20%. En todo caso, a alumna/o deberá acadar unha cualificación mínima de 4 sobre 10 na proba final para que se lle teñan en conta as cualificacións obtidas mediante o sistema de avaliación continua.

2.- O alumnado que NON se somete a avaliación continua, ou que quede excluídos do devandito sistema: a súa cualificación estará integrada polo 80% da cualificación obtida no exame teórico oral e o 20% da cualificación obtida no exame práctico escrito, sendo este último diferente ao que realicen os alumnos/as de avaliación continua.

#### Segunda oportunidade de exame:

1.- No exame de xullo só se realizará unha proba final, que constará de dúas partes: unha práctica escrita (na que se resolverán un ou varios casos prácticos) e unha teórica oral (na que se formularán distintas preguntas sobre o temario da materia).

2.- O alumnado que se sometera ao sistema de avaliación continua conservará a nota que obtivese no curso.

3.- Para o alumnado que non se sometera a avaliación continua, ou que quedara excluído do devandito sistema: a súa cualificación estará integrada polo 80% da cualificación obtida no exame teórico oral e o 20% da cualificación obtida no exame práctico escrito, sendo este último diferente ao que realicen os alumnos de avaliación continua.

4.- Ao alumnado que se sometera ao sistema de avaliación continua e non superase a proba final nin na primeira oportunidade de exame nin na segunda, conserváraselles a nota obtida a través de devandito sistema durante o curso académico seguinte, sempre que a alumna/o manifeste o seu acordo.

### CONVOCATORIA FIN DE CARREIRA

O exame da convocatoria de Fin de carreira será unha proba teórico-práctica escrita, cuxa cualificación será o 100% da

nota. A cualificación estará integrada polo 80% da cualificación obtida no exame teórico e o 20% da cualificación obtida no exame práctico. Non se terá en conta en ningún caso a avaliación continua do ano anterior.

### **METODOLOXÍA E AVALIACIÓN DA MODALIDADE SEMIPRESENCIAL**

**NORMAS BÁSICAS DE SEMIPRESENCIALIDADE:** 1. O alumnado matriculado na modalidade semipresencial comprométese co equipo docente a seguir un réxime de "avaliación continua semipresencial", que implica a participación presencial ou virtual nas actividades que o profesorado deseña para a dita modalidade. 2. A modalidade semipresencial supón a avaliación continua da aprendizaxe do alumnado. A tal fin establécese con carácter xeral, que a proba final obrigatoria terá lugar de modo presencial na data e hora establecidas no calendario de exames aprobado pola Xunta de Facultade, supoñendo o 60% da nota global. Este exame final estará integrado por unha proba teórico-oral e unha proba práctica escrita. O 40% restante corresponderase coa avaliación continua, que pode realizarse ben a través de medios virtuais (empregando a plataforma FAITIC) ou ben asistindo ás sesións prácticas presenciais distribuídas ao longo do cuatrimestre. 3. O alumnado que non participe en máis do 80% das actividades [de avaliación continua semipresencial] propostas polo profesorado, será avaliado nun 100% en función dos resultados obtidos na proba final teórico-práctica.

---

#### **Bibliografía. Fontes de información**

##### **Bibliografía Básica**

PEREZ ROYO, FERNANDO, **DERECHO FINANCIERO Y TRIBUTARIO. PARTE GENERAL**, Editorial Civitas, 2018

FERREIRO LAPATZA, J.J., **Instituciones de Derecho financiero**, Marcial Pons, 2010

##### **Bibliografía Complementaria**

MARTIN QUERALT, LOZANO SERRANO, TEJERIZO LÓPEZ, CASADO OLLERO, **CURSO DE DERECHO FINANCIERO Y TRIBUTARIO**, 2018

MARTÍNEZ LAGO, M.A., **LECCIONES DE DERECHO FINANCIERO Y TRIBUTARIO**, 12, IUSTEL PORTAL DERECHO, 2016

---

#### **Recomendacións**

##### **Materias que continúan o temario**

Técnicas de xestión orzamentaria/P04G091V01605

Financiamento autonómico e local/P04G091V01904

---

##### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Dereito: Dereito administrativo I/P04G091V01101

Dereito: Dereito constitucional/P04G091V01102

Dereito financeiro e tributario/P04G091V01304